

XXII XORNADAS TÉCNICAS DE

VACÚN DE LEITE



13 E 14 DE NOVEMBRO
FACULTADE DE VETERINARIA DE LUGO



SERAGRO
Sociedade Cooperativa Galega

GRANXA PROVINCIAL E CENTRO DE RECRÍA GAYOSO CASTRO



PRIORIDADE DE ACCESO ÁS GANDERÍAS DA PROVINCIA



MÁIS INFORMACIÓN EN
WWW.DEPUTACIONLUGO.GAL



DEPUTACIÓN
DE LUGO

SAÚDO

En nome de Seragro é un pracer darvos a benvída á vixésimo segunda edición das Xornadas Técnicas de Vacún de Leite.

Unha edición á que, desde Seragro, chegamos coa mesma ilusión de sempre e co obxectivo renovado dos anos anteriores: fomentar un foro de convivencia, de formación e de debate sobre as últimas novidades relacionadas co mundo das vacas de leite, entre todas aquelas persoas vinculadas dun xeito ou doutro co sector vacún leiteiro, gandeiras e gandeiros, técnicos, estudantes e empresas relacionadas co sector.

Ao longo dos dous próximos días, neste magnífico escenario que é o Auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo, alternaranse técnicos e gandeiros que nos expoñerán tanto as últimas novidades técnicas relacionadas con aspectos básicos da produción coma o excelente traballo realizado nas súas explotacións, que leva o sector lácteo galego a ser a referencia a nivel nacional.

A recría de xovencas, a alimentación robotizada, os avances en podoloxía ou reprodución, a xestión adecuada dos datos, as diferentes formas de realizar o traballo agrícola, a problemática da man de obra ou o imparable avance da intelixencia artificial aplicada á produción serán os temas sobre os que xirarán estas Xornadas.

O enfoque eminentemente práctico dos relatorios sobre os temas que se van debater facilitará unha implantación inmediata das melloras transmitidas, co consecuente incremento da produtividade e da rendibilidade das ganderías.

Non sería posible a celebración deste evento sen contar coa colaboración e co patrocinio de entidades públicas e empresas privadas que renovan cada ano a súa aposta pola realización desta actividade e ás que, en nome de Seragro, quero expresar o noso profundo agradecemento.

Moitísimas grazas a todos pola vosa asistencia; agardo que vos sexan de proveito e que gocedes dunhas estupendas Xornadas.

MOITAS GRAZAS

Víctor Manrique Arroyo
Presidente de Seragro SCG

ÍNDICE

O sector lácteo galego: situación actual e transformacións recentes	6
Principios básicos de ventilación e orientación de naves de recría	26
O comezo define o futuro: enfermidades en idades temperás e a súa pegada permanente	30
A recría en Finca Fonteboa	36
Recría: a base do futuro	42
Grandes persoas, grandes vacas, grandes ganancias	48
A reprodución en vacas de leite: cando é o mellor momento para inseminar?	52
Produción de leite, persistencia e sistemas de muxido: o que nos din os datos	56
Como optimizar a alimentación en sistemas de muxido robotizado. Claves e consellos para unha xestión eficiente	61
O marco laboral no sector agrario e gandeiro: da norma á práctica	66
Caderno electrónico de explotación e obrigas medioambientais	74
Revisión ou lotes?.....	79
Saúde podal: o cambio de paradigma na prevención	84
Tecnoloxía e intelixencia natural no sector gandeiro	91
Ganadería Liste, xestión das forraxes con maquinaria propia	98
Lodos e Pérez: producir forraxes sen maquinaria	103
Intelixencia artificial na granxa: como os datos transforman o sector leiteiro	107

PROGRAMACIÓN DAS XORNADAS

<div>XOVES 13</div>	<div>Inauguración</div> <div><div>O sector lácteo galego: situación actual e transformacións recentes</div><div>José Manuel Andrade Calvo</div><div>Director da Fundación Juana de Vega, A Coruña</div></div> <div>10:00 h</div> <div>10:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div>VENRES 14</div>	<div><div>O marco laboral no sector agrario e gandeiro: da norma á práctica</div><div>María Jesús Asorey Cea e Noa García Rey</div><div>AUSUM, Asesores y Abogados</div></div> <div>11:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>
<div><div>Principios básicos de ventilación e orientación de naves de recría</div><div>Felipe Fraga Martínez</div><div>Servizo de Recría de Seragro SCG</div></div> <div>11:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Caderno de Campo e obrigas medioambientais</div><div>Victor Novo Vázquez</div><div>Xefe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia</div></div> <div>11:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div><div>O comezo define o futuro: enfermidades en idades temperás e a súa pegada permanente</div><div>Laura Molina Moreno</div><div>Profesora asociada na Facultade de Veterinaria de Córdoba; xestión integral de ganderías, Rusama Ganadería, Pozoblanco (Córdoba)</div></div> <div>11:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Revisión ou lotes?</div><div>Javier Fernández López</div><div>Servizo de Podoloxía de Seragro SCG</div></div> <div>12:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div>Pausa do café</div>		<div>Pausa do café</div>	
<div><div>A recría en Finca Fonteboa</div><div>Sandra Mella Ríos</div><div>Empregada de Finca Fonteboa, Frades (A Coruña)</div></div> <div>12:00 h</div> <div>12:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Saúde podal: o cambio de paradigma na prevención</div><div>Arturo Gómez</div><div>Veterinario consultor, integrante do equipo de Investigación e Desenvolvemento de Zinpro</div></div> <div>12:30 h</div> <div>13:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div><div>Recría: a base do futuro</div><div>Ares Rubies Corrales</div><div>Auxiliar veterinaria; xestión e formación de persoal na recría na Granja San José, Huesca</div></div> <div>13:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Tecnoloxía e intelixencia natural no sector gandeiro</div><div>Javier Bueno Lema</div><div>Profesor titular na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Campus Terra USC, Lugo</div></div> <div>13:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div>Xantar</div>		<div>Xantar</div>	
<div><div>Great People, Great Cows, Great Returns [Grandes persoas, grandes vacas, grandes ganancias]</div><div>Jordan T. Masthews</div><div>Socio de Rosy Lane Hosteins LLC, Wisconsin (EE. UU.)</div></div> <div>13:30 h</div> <div>15:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Ganadería Liste, xestión das forraxes con maquinaria propia</div><div>Carlos Liste Pose</div><div>Socio de Ganadería Liste SL, Trazo (A Coruña)</div></div> <div>13:30 h</div> <div>16:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div><div>A reprodución en vacas de leite: cando é o mellor momento para inseminar?</div><div>Sonia Rodríguez Pazos</div><div>Servizo de Reprodución de Seragro SCG</div></div> <div>16:15 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Lodos e Pérez, producir forraxes sen maquinaria</div><div>Juan Carlos Lodos Pérez</div><div>Socio de SAT Lodos e Pérez, A Pastoriza (Lugo)</div></div> <div>16:30 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div><div>Efecto do tipo de muxido no pico de produción e os compoñentes do leite en vacas leiteiras</div><div>Liliana Fadul</div><div>Analista de datos de Lactanet</div></div> <div>16:45 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div><div>Intelixencia artificial na granxa: como os datos transforman o sector leiteiro</div><div>Pol Lluch Obiols</div><div>Veterinario profesor e investigador; experto independente na Plataforma Benestar Animal da Comisión Europea</div></div> <div>17:00 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div><div>Como optimizar a alimentación en sistemas de muxido robotizado. Claves e consellos para unha xestión eficiente</div><div>Miguel Iglesias Naredo</div><div>Xefe de Produto Vacún de Leite de Deheus</div></div> <div>17:15 h</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>	<div>Clausura e brinde do leite</div> <div>Patrocina:</div> <div></div>		
<div>Encontro gandeiro</div>		<div>17:45 h</div>	

ASISTENCIA GRATUITA

ASISTENCIA GRATUITA



José Manuel Andrade Calvo
Director da Fundación Juana de Vega

O sector lácteo galego: situación actual e transformacións recentes

1. O PESO DO SECTOR LÁCTEO NA ECONOMÍA GALEGA

O sector lácteo constitúe un dos piares fundamentais da economía e do territorio rural galego, tanto polo seu volume económico como pola súa función social e territorial. A produción e transformación de leite articulan un complexo que xera actividade, emprego e fixación de poboación nun contexto de crecente despoboamento rural. Segundo os datos máis recentes do Instituto Galego de Estatística (IGE), relativos ao ano 2023, o sector agroalimentario representou o 7,2 % do PIB galego, confirmándose como un dos grandes motores da

economía autonómica. Dentro deste conxunto, o complexo lácteo (producción primaria máis industria) achegou, segundo estimacións da Fundación Juana de Vega, o 1,66 % do PIB galego: o 1,30 % correspondente á actividade agraria e o 0,33 % á industria transformadora.

Este peso sitúa o sector lácteo nun nivel de relevancia semellante ao das actividades industriais e produtivas máis recoñecidas da economía galega. De feito, achega unha contribución superior á do sector pesqueiro, que supón o 1,5 % do PIB, practicamente equivalente á cadea forestal-madeira (1,6 %) e próxima á

da automoción e compoñentes, que representa o 2,2 %, é dicir, un sector tradicionalmente asociado ao medio rural e á produción primaria posúe un impacto económico tan relevante como as actividades industriais máis recoñecidas. Malia ser menos visible, o lácteo é un dos principais xeradores de valor engadido e emprego no medio rural, con máis de cinco mil explotacións e unha rede industrial e de servizos asociados que sostén miles de postos de traballo directos e indirectos, garantindo a vitalidade económica de amplas áreas do interior de Galicia.

En termos territoriais, o sector lácteo galego cumpre tamén unha función



Next Generation Thinking

Juntos impulsamos una nutrición de clase mundial

En ADM, líder global en nutrición animal, trabajamos junto a nuestros aliados para ofrecer soluciones de alta calidad, sostenibles y diseñadas para responder a cada necesidad.

Con la experiencia de nuestros expertos en todas las especies, un portafolio en constante evolución y el acceso a un conocimiento global, unimos fuerzas para alcanzar el máximo rendimiento nutricional y desarrollar soluciones que generen éxito hoy y mañana.

¡Su ventaja, nuestra experiencia!


esencial na xestión activa do territorio, ao manter viva boa parte do medio rural. As explotacións leiteiras contribúen ao mantemento da paisaxe agraria e dos mosaicos agroforestais, á prevención dos incendios forestais e ao aproveitamento sostible de arredor de 200.000 hectáreas de superficie agraria útil, consolidándose así como un eixe vertebrador económico, social e ambiental de Galicia.

2. A PRODUCCIÓN LÁCTEA GALEGA NO CONTEXTO ESPAÑOL E EUROPEO

A evolución recente confirma a consolidación de Galicia como unha potencia produtiva dentro da Unión Europea. Segundo os últimos datos dispoñibles de Eurostat, en 2023 a comunidade situouse como a novena rexión produtora de leite da UE-27, tras superar á rexión alemá de Schleswig-Holstein. A produción galega acadou arredor de 3,1 millóns de toneladas, o que supón un incremento do 20,9 % desde 2013, equivalente a case 600.000 toneladas adicionais. Este avance sitúa Galicia entre as rexións máis dinámicas da Unión, só por detrás de áreas en expansión como Mazowiecki, en Polonia, e Southern, en Irlanda, cun crecemento do 46,7 % e do 37,6 %, respectivamente.


Como se aprecia na gráfica 1, Galicia mantén unha traxectoria ascendente nun contexto no que outras rexións leiteiras tradicionais —como Bretaña ou Normandía, en Francia— presentan estabilidade ou mesmo lixeiras reducións de volume. O modelo galego combina custos competitivos, base forraxeira propia e unha estrutura de explotacións profesionalizadas, o que

Gráfica 2. Evolución da produción láctea na UE-27 (2017-2024)



Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat

Gráfica 3. Produción láctea por países na UE-27 (2024)




Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat

Ile permitiu, ata a data, medrar en volume mantendo a rendibilidade.

A produción láctea da UE-27 experimentou un crecemento constante desde o final do réxime de cotas en 2015, alcanzando en 2024 un máximo histórico de 146,5 millóns de toneladas, segundo Eurostat.

Como se observa na gráfica 2, o volume mantívose practicamente estable nos últimos anos, cun lixeiro aumento no último exercicio. Este comportamento revela unha etapa de madurez produtiva na maior parte dos países europeos, cunha oferta máis concentrada e orientada a produtos de maior valor engadido.

Gráfica 1. Evolución da produción de leite nas principais rexións da UE-27 (2023)




Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat

Na repartición por países, Alemaña continúa liderando a produción europea, con 32,2 millóns de toneladas (22 %), seguida de Francia, con 23,8 millóns (16 %), e dos Países Baixos, Polonia e Italia, que se sitúan arredor do 9-10 % cada un. Irlanda, pola súa banda, representa o 6 % do total, mentres que España achega o 5 %, cunha produción de 7,36 millóns de toneladas en 2024.

Neste contexto, Galicia, que por si soa achega unha parte moi relevante do leite español, ocupa unha posición destacada no ámbito comunitario, comparable á de rexións con forte tradición gandeira doutros países europeos. A súa capacidade para manter un crecemento sostido mesmo nun escenario de estabilización, confirma a súa relevancia estratéxica dentro da cadea láctea europea.

A nivel estatal, Galicia é o epicentro da produción láctea española. En 2024, España alcanzou unha produción de 7,37 millóns de toneladas, das cales 3,06 millóns corresponden a Galicia, o que representa o 41,5 % do total nacional.

Gráfica 4. Entregas de leite das comunidades autónomas no ano 2024



Fonte: elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA)

Como se mostra na gráfica 4, o volume galego supera amplamente o das seguintes catro comunidades produtoras —Castela e León (916 mil t), Cataluña (755 mil t), Andalucía (548 mil t) e Asturias (517 mil t)— que, sumadas, apenas igualan a produción galega.

Esta concentración territorial explica que o sector lácteo español dependa en gran medida da estabilidade produ-

tiva de Galicia, converténdose a comunidade no auténtico centro neuráxico do sector a nivel estatal. A gráfica 5 (páx. seg.) mostra o comportamento diferencial de Galicia fronte ao conxunto do Estado durante os últimos oito anos. Ademais, desde o final do réxime de cotas lácteas en 2015, a produción galega incrementouse en arredor dun 20 %, o que supón preto de 520.000 toneladas

DIENCE®

ORDINARIO

Ese **EXTRA** que transforma lo ORDINARIO en EXTRA

Ordinario.

Ese espacio conocido, habitual, corriente. Donde habita lo usual.

Sin embargo, cuando vamos más allá de lo común, descubrimos nuevas formas de dibujar el futuro, y potenciar aquello que realmente importa.

La diferencia es ese extra. Ese extra que transforma lo ordinario en extraordinario.

www.hipra.com

adicionais con respecto ao ano 2014, o último exercicio completo con limitacións. No mesmo período, o conxunto de España aumentou un 9 %, é dicir, unhas 590.000 toneladas máis. Este contraste explica que case o 90 % do incremento total de leite producido en España desde 2014 teña a súa orixe en Galicia. Noutras palabras, desde o fin das cotas lácteas, nove de cada dez litros adicionais producidos no Estado teñen a súa orixe nas ganderías galegas, o que confirma o papel determinante da comunidade como motor da produción nacional.

A evolución amosa tamén a maior estabilidade do sector galego fronte ás fluctuacións observadas noutros territorios. Mentres a produción española rexistrou lixeiros retrocesos en anos de custos elevados, como 2022, Galicia apenas se resentiu, mantendo os niveis de entregas practicamente constantes. Esta capacidade de resistencia débese a unha estrutura produtiva profesionalizada, cunha base territorial coherente e unha mellor capacidade de adaptación aos cambios de mercado.


En síntese, Galicia consolídase como unha das rexións leiteiras máis eficientes e competitivas de Europa, cun modelo que combina dimensión, base territorial e estabilidade produtiva, e que a sitúa como unha referencia no eido da produción, tanto no contexto estatal coma no europeo.

3. ENTREGAS DE LEITE E DINÁMICA PRODUTIVA NO QUE VAI DE 2025

Os datos correspondentes ao período xaneiro-xullo de 2025 amosan unha situación de práctico estancamento na produción láctea estatal, a pesar dun contexto de prezos medios favorables e dunha moderación nos custos de produción respecto dos exercicios anteriores. Segundo as declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA), no conxunto de España rexistráronse 4,36 millóns de toneladas, unha cifra practicamente idéntica á do mesmo período de 2024.


Como se observa na gráfica 6, Galicia mantén a súa produción estable nun contexto de retroceso xeral, con 1,81 millóns de toneladas entregadas, o que representa o 41,6 % da produción nacional nos sete primeiros meses do ano.

Gráfica 5. Evolución das entregas de leite en España e Galicia (2017-2024)



Fonte: elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA)


Gráfica 6. Entregas de leite das CC. AA. (xaneiro-xullo 2025)



Fonte: elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA)

A comparación das entregas acumuladas entre xaneiro e xullo de 2025 e o mesmo período de 2024, reflectida na gráfica 7 (páx. seg.), confirma esa diverxencia. Mentres o conxunto do Estado perdeu arredor de 50.600 toneladas respecto ao mesmo período do ano anterior (-1,1 %), Galicia incre-

mentou lixeiramente as súas entregas en 596 toneladas, o que representa un aumento do 0,03 %, converténdose así na única das grandes comunidades produtoras que mantén unha evolución positiva. Pola contra, rexístranse descensos significativos en Asturias (-13.433 t; -4,3 %), Castela e León

Gráfica 7. Comparativa das entregas de leite entre xaneiro-xullo de 2024 e xaneiro-xullo de 2025

Fonte: elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA)

(-9.315 t; -1,7 %), Cataluña (-10.645 t; -2,3 %), Cantabria (-9.052 t; -3,6 %) e Andalucía (-2.771 t; -0,8 %), o que explica o resultado negativo no balance estatal.

Aínda así, este estancamento relativo da produción galega prodúcese nun escenario favorable, con prezos do leite elevados e estables, custos

contidos e marxes positivas nas explotacións. A falta de crecemento responde, polo tanto, a limitacións estruturais máis que conxunturais. Entre elas, destacan a dificultade crecente para dispoñer de man de obra cualificada, a dificultade de acceder a base territorial adicional para ampliar as granxas existentes

e o peche progresivo de explotacións ben dimensionadas sen remuda xeracional, o que provoca a perda dunha parte da produción que non é compensada polo aumento do resto das ganderías activas. Estes factores marcan unha nova etapa na estrutura produtiva galega, caracterizada por unha maior concentración da pro-


Garantía de leche segura

Delvotest® T, la referencia para la prueba de residuos de antibióticos

Delvotest® T es fácil de usar y detecta el espectro más amplio de residuos de antibióticos en la leche y en los productos lácteos. Es fiable y preciso con niveles de detección más cercanos a los niveles máximos de residuos y a los niveles de tolerancia segura (US). Por lo tanto, Delvotest® T se elige como la prueba de referencia nacional en la mayoría de los países y tiene certificación AFNOR & AOAC. For more information www.alifarma.com

Distribuido por: Alifarma (Alimentación y Farmacia, S.A.)

dsm-firmenich

Gráfica 8. Evolución dos prezos do leite cru en España e Galicia (2023-2025): á esquerda, España; á dereita, Galicia

Fonte: elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores (MAPA)

dución nas explotacións que permanecen activas, pero tamén por unha menor capacidade global de expansión, malia o bo comportamento dos indicadores económicos sectoriais. Con todo, Galicia continúa actuando como factor de estabilidade do sector lácteo español, compensando parcialmente a contracción doutras áreas produtoras.

4. EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE: ESTABILIZACIÓN TRAS O CICLO ALCISTA E PERSISTENCIA DOS DIFERENCIAIS TERRITORIAIS

Os prezos do leite cru en orixe atravesaron entre 2023 e 2025 unha etapa de normalización tras a excepcional repunta de 2022, cando a combinación de custos de produción en máximos históricos, derivados das tensións xeopolíticas pola guerra de Ucraína, e a maior presión nos mercados internacionais de produtos lácteos industriais situou o prezo medio por riba dos 60 céntimos por litro. Desde entón, o mercado entrou nunha fase de axuste moderado e posterior estabilidade, que se consolidou ao longo de 2024 e mantense durante 2025.




GALICIA CONSOLÍDASE COMO UNHA DAS REXIÓNS LEITEIRAS MÁIS EFICIENTES E COMPETITIVAS DE EUROPA, CUN MODELO QUE COMBINA DIMENSIÓN, BASE TERRITORIAL E ESTABILIDADE PRODUTIVA, E QUE A SITÚA COMO UNHA REFERENCIA NO EIDO DA PRODUCCIÓN, TANTO NO CONTEXTO ESTATAL COMO NO EUROPEO

En termos anuais, o prezo medio ponderado en España en 2024 foi de 49,1 c/l, o que supón unha caída do 10,2 % respecto ao ano anterior, mentres que en Galicia se situou en 46,8 c/l, cun descenso do 11 %.

Durante o que vai de 2025, os prezos amosan unha lixeira recupe-


ración, cunha media de 49,8 c/l en España e 48,1 c/l en Galicia, o que representa incrementos do 1,5 % e do 2,8 %, respectivamente.

Este comportamento confirma a estabilización das cotizacións tras o axuste iniciado en 2023, como se observa na gráfica 8.

Gráfica 9. Evolución do diferencial de prezos España-Galicia (2022-2025)

Fonte: elaboración propia a partir do MAPA

Gráfica 10. Prezos pagados a produtores por comunidades autónomas (xaneiro-xullo 2025)



Fonte: elaboración propia a partir do MAPA

DESDE COMEZOS DE 2024 OBSÉRVASE UNHA MODERACIÓN E ESTABILIZACIÓN DOS DIFERENCIAIS DE PREZO, QUE SE MANTÉÑEN ARREDOR DOS 1,8-2 CÉNTIMOS POR LITRO, PERO SEN REGRESAR AOS NIVEIS PREVIOS Á CRISE DE CUSTOS

Durante o período de máximos de prezo —entre finais de 2022 e o primeiro trimestre de 2023—, a diferenza entre o prezo medio en Galicia e o conxunto de España ampliouse de forma significativa, alcanzando un máximo de 3 céntimos/litro en novembro de 2023, segundo se reflicte na gráfica 9 (páx. ant.). Esta fenda representou un 4,7 % menos para os produtores galegos respecto á media estatal. Nos anos anteriores (2021 e 2022), aínda que non se reflicte nesta gráfica, o diferencial apenas superaba o 1 céntimo/litro, o que evidencia


un desequilibrio máis acusado durante o ciclo alcista dos prezos.

Desde comezos de 2024 obsérvase unha moderación e estabilización dos diferenciais de prezo, que se manteñen arredor dos 1,8-2 céntimos por litro, pero sen regresar aos niveis previos á crise de custos. A pesar desta converxencia parcial, como se aprecia na gráfica 10, Galicia continúa sendo a comunidade con prezos máis baixos entre as grandes rexións produtoras, só por riba das Baleares, que ten escasa relevancia na produción nacional.

Esta situación está relacionada coa maior orientación da produción galega cara a usos industriais básicos e coa aínda limitada capacidade de transformación local, xa que só se transforma en Galicia, segundo estimacións da Fundación Juana de Vega, arredor do 64 % do leite producido, mentres que o resto se destina para a súa transformación industrial a outras zonas de produción do Estado.

En comparación coa evolución europea, representada na gráfica 11, os prezos en España e Galicia, expresados

Gráfica 11. Evolución comparada dos prezos do leite (c/kg) en Galicia, España e UE-27 (2019-2025)



Fonte: Asociación Galega Terra e Leite

en céntimos por kg (c/kg), seguiron unha traxectoria semellante á media da UE-27, pero con niveis superiores ata mediados de 2024. A media comunitaria situouse en 54,5 c/kg en decembro de 2024, tras un incremento do 18,2 % dende xuño dese ano, mentres que España e Galicia rexistraban valores de 48,7 e 46,9 c/kg, respectivamente, o que as sitúa un 12 % e un 16 % por baixo da media europea.


Dende o verán de 2024, os prezos nacionais e galegos recuperan terreo, aínda que a un ritmo inferior ao europeo, mantendo a brecha estrutural respecto ao conxunto da UE.

En síntese, o período 2023-2025 caracterízase por unha etapa de estabilización tras o ciclo alcista de prezos, cun mantemento de marxes positivas e reducida volatilidade, pero tamén cunha persistencia dos diferenciais territoriais que limitan a rendibilidade relativa das explotacións galegas fronte ás doutros territorios.

5. ESTRUCTURA PRODUTIVA E TRANSFORMACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS

O sector lácteo galego atravesa na última década un proceso de reestruturación profunda, caracterizado pola redución do número de explotacións, o aumento do tamaño medio e unha maior concentración da produción en menos unidades, máis especializadas e eficientes. Estes cambios, comúns ao conxunto de España, presentan en Galicia unha dinámica singular pola

Gráfica 12. Evolución do número de explotacións con entregas de leite (2015-2024)



Fonte: elaboración propia a partir do MAPA e FOGGA


súa magnitude e polo seu impacto sobre o tecido produtivo e territorial.

A evolución do número de explotacións con entregas de leite mostra con claridade esta tendencia. Tal e como se observa na gráfica 12, entre 2015 e 2024 o número de gandaría con entregas reduciuse de forma continuada tanto en Galicia como no conxunto de España. No total estatal, a caída acumulada foi do 45,8 %, o que supón 7.783 explotacións menos, mentres que en Galicia a diminución foi semellante (-45,7 %, 4.394 explotacións menos), de modo que en 2024 permanecían activas 5.212 granxas con entregas de leite, 407 menos que o ano anterior.


A pesar deste retroceso, Galicia mantén o seu peso central na estrutura produtiva nacional, ao concentrar o 56,7 % das explotacións con entregas de leite, practicamente a mesma proporción que en 2015. Isto confirma o relevante papel da comunidade na produción láctea estatal, malia o proceso de axuste estrutural que vén experimentando o sector.

O descenso do número de explotacións veu acompañado dunha notable concentración da produción. A análise da estrutura por tamaños amosa que, segundo a gráfica 13, entre 2019 e 2023 o número de granxas galegas con entregas superiores ás 1.000 toneladas anuais duplicouse,


Gráfica 13. Distribución das explotacións por tamaño e peso produtivo (2019-2023)



Fonte: elaboración propia a partir do MAPA e FOGGA

Gráfica 14. Evolución do número de vacas e vacas por explotación (2019-2024)

Fonte: elaboración propia a partir do MAPA e SITRAN

Gráfica 15. Evolución da produción media por explotación e por vaca (2019-2024)

Fonte: elaboración propia a partir do MAPA e SITRAN

pasando do 7 % ao 14 % do total, e achegando máis da metade (51 %) do leite producido na comunidade. No mesmo período, o 32 % das explotacións máis grandes —aquelas con entregas superiores ás 500 toneladas anuais— xeran xa o 76 % da produción total, fronte ao 20 % que representaban en 2019. Estes datos evidencian unha clara polarización estrutural, con menos explotacións pero máis produtivas, e un peso crecente das granxas de maior dimensión, o que supón unha reorganización profunda da base produtiva do sector.

A redución do número de explotacións non se traduce necesariamente nunha perda de capacidade produtiva, xa que vai acompañada dun proceso de incremento do tamaño medio e de mellora da eficiencia. Segundo se desprende da gráfica 14, o número total de vacas de leite en España reduciuse entre 2019 e 2024 un 8,1 %, o que equivale a 67.119 animais menos.

Galicia foi a comunidade das principais rexións produtoras que máis moderou esa redución, cun descenso do 3,15 %, fronte ao 7,6 % de Castela e León ou o 17,5 % de Asturias. En paralelo, o número de vacas por explotación aumentou de forma continua,

La desinfección de ubres moderna

Deosan Target: la nueva familia de desinfectantes para ubres de Deosan. Desarrollada para abordar las necesidades actuales y futuras de las granjas lecheras modernas. Es hora de dejar atrás el concepto anticuado de los desinfectantes para pezones tradicionales, que son altamente activos y altamente emolientes, y adoptar un enfoque más específico.

Deosan Target aborda las necesidades específicas y únicas tanto de las vacas que están alojadas como de las vacas que pastan. Los desafíos climáticos mayores y más extremos que estamos viendo conducen a una variación de temperatura y la acumulación de suciedad aumentan.

Para más información, visite www.solenis.com o siganos en redes sociales

Si no se elimina la suciedad, la eficacia del desinfectante y acondicionador de la piel se diluye y, a veces, se desperdicia.

Teniendo como prioridad el bienestar del animal, el medio ambiente y el consumidor de leche, Deosan Target utiliza ingredientes refinados modernos y elimina aquellos que se consideran dañinos, al tiempo que garantiza que las defensas naturales de las vacas contra la mastitis estén completamente respaldadas.

reflectindo un proceso de intensificación e aumento de tamaño medio das granxas. A explotación media española pasou de 64 vacas en 2019 a 80 en 2024, mentres que en Galicia o crecemento foi do 30,6 %, ata 59 vacas por explotación, o segundo maior incremento entre as grandes rexións produtoras, só por detrás de Castela e León (+41,9 %). Con todo, o tamaño medio das explotacións galegas continúa por baixo da media nacional e lonxe de comunidades máis intensivas como Cataluña (217 vacas/explotación) ou Andalucía (146), o que pon de manifesto unha estrutura produtiva máis fragmentada e cunha maior vinculación territorial.


En consonancia co aumento do tamaño medio das explotacións, a produción media por granxa experimentou un crecemento moi destacado. Tal como se recolle na gráfica 15 (páx. ant.), no conxunto de España a produción media incrementouse un 40,5 % desde 2019, ata acadar 773 toneladas anuais en 2024. En Galicia, o avance foi aínda maior, cun incremento do 48,2 % e unha produción media de 566 toneladas por explotación, o segundo maior incremento entre as principais comunidades produtoras, só superado por Castela e León (+51,4 %).

Pola súa parte, a produción media por vaca situouse en Galicia en 9.629 kg anuais, practicamente igual á media nacional (9.635 kg), o que mostra unha elevada eficiencia produtiva malia o menor tamaño medio das ganderías. Esta converxencia coa media estatal confirma a profesionalización e mellora técnica do sector lácteo galego, sustentada na intensificación do manexo, a mellora da alimentación e o uso crecente de tecnoloxías de precisión.

En definitiva, entre 2015 e 2025 o sector lácteo galego viviu unha profunda transformación estrutural, marcada pola redución do número de explotacións activas, a concentración da produción en granxas de maior dimensión e unha notable mellora da eficiencia produtiva. Galicia mantén o seu liderado en número de explotacións e en volume de leite producido, consolidando un modelo cada vez máis profesional e tecnifi-



Gráfica 16. Evolución dos ingresos, custos e prezos nas explotacións lácteas galegas (2019-2024)*



Fonte: elaboración propia a partir de estudos de custos realizados pola Fundación de máis de 200 explotacións lácteas galegas

*Nota: non se dispón de datos directos correspondentes a 2021; as estimacións de 2023 e 2024 baséanse na evolución dos prezos das materias primas, da enerxía, da man de obra e doutros insumos, mentres que o prezo do leite en orixe procede de fontes oficiais (MAPA)

cado. Porén, a súa capacidade de expansión futura vese limitada por factores estruturais como a escaseza de terra dispoñible, as dificultades para acceder a man de obra cualificada e a falta de remuda xeracional, que condicionan a sostibilidade a medio e longo prazo do sistema produtivo galego.

6. A SITUACIÓN ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS E DA INDUSTRIA LÁCTEA: EQUILIBRIO E PERSPECTIVAS DA CADEA

O conxunto da cadea láctea galega e española entrou entre 2024 e 2025 nunha etapa de equilibrio económico

tras o intenso ciclo de crecemento e axuste vivido entre 2022 e 2023. Durante o ano 2022, o sector experimentou un incremento excepcional dos custos de produción —impulsado pola escalada dos prezos da enerxía, os pensos e os fertilizantes como consecuencia das tensións derivadas da guerra de Ucraína— que se trasladou ao longo da cadea, elevando de maneira notable os prezos do leite en orixe e dos produtos lácteos ao consumidor. En 2023, unha vez moderados os custos enerxéticos e das materias primas, iniciouse un proceso de reequilibrio: os prezos percibidos polos produtores comezaron a des-


A CAPACIDADE DE EXPANSIÓN FUTURA GALEGA VESE LIMITADA POR FACTORES ESTRUCTURAIS COMO A ESCASEZA DE TERRA DISPOÑIBLE, AS DIFICULTADES PARA ACCEDER A MAN DE OBRA CUALIFICADA E A FALTA DE REMUDA XERACIONAL

Táboa 1. Principais indicadores económicos agregados da industria láctea que opera en Galicia (2024) (valores en miles de euros, agás o número de empregados)

INDICADOR	VALOR
Facturación conxunta (miles de euros)	2.764.008
EBITDA (miles de euros)	133.964
Beneficio neto conxunto (miles de euros)	77.054
Número de empregados totais	2.080

Fonte: elaboración propia a partir das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recompiladas a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)

Gráfica 17. Evolución da rendibilidade económica media das industrias lácteas con actividade en Galicia (2019-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recompiladas a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)

cender desde os máximos históricos acadados a comezos dese ano, mentres que as industrias lácteas melloraban de forma apreciable as súas marxes e resultados económicos grazas á contención de custos e á estabilización dos prezos nos lineais. Deste xeito, 2024 consolidouse como un exercicio de equilibrio xeral en toda a cadea, con custos contidos, marxes positivas, e prezos estables, situación que se prolonga durante 2025.

Nas explotacións produtoras, a redución dos custos —especialmente en alimentación, enerxía e fertilizantes— permitiu manter marxes positivas a pesar do retroceso dos prezos do leite en orixe en 2024. En termos medios, os custos totais estimados situáronse arredor de 0,39 €/L, mentres que o ingreso total medio foi de 0,53 €/L, resultante dun prezo do leite de 0,47 €/L e das axudas públicas e outros ingresos complementarios das explotacións. Porén, segundo se observa na gráfica 16 (páx. ant.), a marxe entre prezos e custos estreitouse con respecto a 2022 e 2023, xa que o axuste á baixa do prezo do leite foi máis intenso ca redución dos custos de produción. Aínda así, o exercicio de 2024 mantivo unha rendibilidade positiva, apoiada na moderación dos custos e na estabilidade dos ingresos totais.

En 2025, a lixeira recuperación do prezo medio pagado polo leite, tanto en Galicia (+2,8 %) como no conxunto estatal (+1,5 %), xunto coa estabilidade dos custos —que se manteñen contidos pola moderación dos prezos das materias primas e da enerxía—, reforza a situación de equilibrio e estabilidade económica nas explotacións lácteas galegas. Segundo datos do INE, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio de Traballo e Economía Social, entre xaneiro de 2025 e a actualidade rexistrouse unha nova caída dos prezos das principais materias primas para alimentación animal (−6,8 % en cebada, millo e colza, e −9,1 % nos pensos complementarios), así como descensos no gasóleo (−4,7 %), mentres que só os custos salariais (+4,4 %) e a electricidade (+1,4 %) amosan incrementos moderados. Este comportamento confirma a continuidade dunha tendencia

de contención xeral dos custos e consolida un contexto produtivo favorable para as ganderías.

No ámbito industrial, a análise dos balances e contas anuais das principais empresas lácteas con actividade en Galicia —CAPSA (Corporación Alimentaria Peñasanta S.A.), Lactalis Compras y Suministros S.L., Leche de Galicia S.L.U., Inleit Ingredientes S.L.U., Grupo Leche Río S.A., DairyLac S.L., Naturleite S.L.U., Leche Celta S.L. e Iberleche S.L.— evidencia tamén un escenario de equilibrio, logo dun período de forte expansión da facturación e mellora das marxes nos últimos anos, como consecuencia dos incrementos dos prezos do leite e doutros produtos lácteos nos lineais da distribución. As nove empresas analizadas alcanzaron nese exercicio unha facturación conxunta superior aos 2.760 millóns de euros, cun EBITDA de 133,96 millóns e un beneficio neto agregado de 77 millóns de euros.

Na mostra non se inclúen dúas empresas galegas —Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L. e Feira-co Lácteas S.L.—, ao non dispoñer no momento de elaboración deste artigo das súas contas anuais, por estaren pendentes de depósito no Rexistro Mercantil ou aínda non dispoñibles no Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI).

A análise económico-financeira realizada para o período 2019-2024 destas nove empresas amosa unha mellora significativa da rendibilidade e da posición financeira das industrias lácteas con actividade en Galicia, prolongando a tendencia ascendente iniciada en 2021.


A avaliación das principais ratios permite identificar tendencias consistentes e constatar un avance xeneralizado nos resultados operativos e na eficiencia empresarial, coherente coa evolución global da cadea láctea. En síntese, o comportamento das empresas analizadas reflicte un escenario de consolidación da rendibilidade, sustentado na contención dos custos de aprovisionamento e na estabilidade dos prezos nos lineais, que favorecen a progresiva recuperación das marxes operativas.

Segundo os indicadores dispoñibles, a rendibilidade económica media acadou o 8,0 %, fronte ao 5,2 % de 2023, segundo se observa na Gráfica 17. Este avance consolida unha tendencia ascendente iniciada tras o impacto da crise da Covid-19, cando a rendibilidade se situara no seu punto máis baixo (1,7 % en 2020). A recuperación foi constante desde entón, sostida inicialmente no incremento das cifras de vendas, derivado da subida dos prezos dos produtos lácteos durante os últimos anos, e, máis recentemente, na mellora das marxes operativas.

En efecto, a marxe sobre vendas experimentou unha mellora moi significativa, pasando do 2,1 % en 2023 ao 3,5 % en 2024, como se mostra na gráfica 18. Trátase da ratio máis alta de todo o período analizado (2019-2024), o que evidencia unha clara recuperación da rendibilidade operativa.

Esta aumento das marxes atopa a súa explicación principal na evolución dos prezos ao longo da cadea de valor.

Gráfica 18. Evolución da marxe de beneficio medio das industrias lácteas con actividade en Galicia (2019-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recopiladas a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)

O COMPORTAMENTO DAS EMPRESAS ANALIZADAS REFLECTE UN ESCENARIO DE CONSOLIDACIÓN DA RENDIBILIDADE, SUSTENTADO NA CONTENCIÓN DOS CUSTOS DE APROVISIONAMENTO E NA ESTABILIDADE DOS PREZOS NOS LINEAIS, QUE FAVORECEN A PROGRESIVA RECUPERACIÓN DAS MARXES OPERATIVAS

Durante o ano 2024, o prezo medio pagado aos produtores reduciuse arredor dun 11 % en Galicia e dun 10 % no conxunto estatal, mentres que os prezos dos produtos lácteos nos lineais da distribución permaneceron practicamente estables, cun incremento medio inferior ao 0,5 %. Nun contexto no que as marxes comerciais da distribución se mantiveron constantes, esta diferenza de comportamento entre prezos en orixe e prezos nos lineais expandiu as marxes industriais, favorecendo unha mellora xeneralizada dos resultados da industria láctea, que no 2024 tivo o mellor ano do período analizado.

A evolución das principais ratios económico-financeiras confirma esta mellora estrutural.

A rotación dos activos, situada en 2,27, mantense en niveis elevados, o que reflicte un modelo industrial baseado no efecto volume, sustentado na produción e comercialización de produtos de baixo valor engadido e alta rotación, como o leite líquido e os derivados básicos. Este patrón, recollido na gráfica 19 (páx. seg.), indica que o incremento da rendibilidade observado en 2024 non responde tanto a unha transformación do modelo produtivo, senón á contención dos custos e á estabilidade dos prezos ao consumidor,

que favoreceron unha expansión das marxes nun contexto de estabilidade xeral da cadea.

En conxunto, os indicadores de rendibilidade financeira e solvencia confirman esta evolución favorable. A rendibilidade financeira media sitúase en 13,9 %, máis do dobre da media do período 2019-2024 (6,2 %), o que reflicte unha mellora substancial da capacidade de xeración de beneficios sobre o capital propio. Pola súa banda, o nivel medio de endebedamento, cun valor de 0,55, descende lixeiramente respecto á media do período (0,57), o que indica unha mellora da estrutura financeira, con menor dependencia do financiamento alleo.


Estas cifras poñen de manifesto que, malia operar nun contexto de marxes axustadas, a industria láctea que desenvolve actividade en Galicia afronta o exercicio 2025 con boas perspectivas, nun escenario de custos moderadamente á alza —especialmente en enerxía e man de obra— pero compensados pola fortaleza dos prezos nos lineais, que se manteñen en niveis elevados. Este equilibrio entre custos e prezos permite anticipar un exercicio de estabilidade económica, no que a industria láctea que opera en Galicia continuará consolidando a súa posición económica e financeira.

7. EVOLUCIÓN DO CONSUMO DE LEITE E DERIVADOS LÁCTEOS EN ESPAÑA

O consumo doméstico de leite líquido en España mantén unha tendencia descendente continuada desde comezos de século. En 2000, o consumo per cápita situábase por riba dos 95 litros por persoa e ano, mentres que en 2024 descendeu ata os 61,5 litros, o que supón unha redución acumulada do 35 %. Esta caída prolongada, representada na gráfica 20 (páx. seg.), moderouse nos últimos exercicios, confirmando unha fase de estabilización relativa do consumo, logo de máis dunha década de descenso continuado.

A análise por categorías mostra, con todo, unha evolución desigual desde 2008. **O leite semidesnatado** consolidouse como o tipo de referencia no consumo doméstico, con-

Gráfica 19. Evolución da rotación media dos activos nas industrias lácteas con actividade en Galicia (2019-2024)



Fonte: elaboración propia a partir das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recomendadas a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)


Bioplagen

welcome to the new biosecurity era

UNETE
A NUESTRO CANAL DE WHATSAPP

360°
BIOSECURITY

Gráfica 20. Evolución do consumo per cápita de leite líquido en España (2000-2024)



Fonte: elaboración propia a partir de datos dos informes de consumo alimentario de 2000 a 2024 do MAPA

ESTE EQUILIBRIO ENTRE CUSTOS E PREZOS PERMITE ANTICIPAR UN EXERCICIO DE ESTABILIDADE ECONÓMICA, NO QUE A INDUSTRIA LÁCTEA QUE OPERA EN GALICIA CONTINUARÁ CONSOLIDANDO A SÚA POSICIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA

centrando arredor do 46-47 % do total, cunha lixeira tendencia descendente nos últimos anos. **O leite enteiro**, que experimentara un forte retroceso durante os anos desde o ano 2000 ata o 2007, recupera terreo de forma progresiva, especialmente desde 2018, grazas á revalorización dos leites máis naturais e menos procesados. Pola contra, **o leite desnatado** é a categoría que máis perde peso, ao pasar de representar preto do 34 % do consumo total en 2008 a arredor do 23 % en 2024, cunha redución continua asociada á mudanza das preferencias do consumidor cara a produtos con mellor perfil organoléptico e menos intervención industrial.

En conxunto, a recomposición interna do consumo de leite líquido revela un cambio estrutural nas preferencias alimentarias, no que o consumidor prioriza o sabor e a naturalidade sobre os argumentos nutricionais asociados ao baixo contido graxo.

Este proceso de transformación convive cun descenso xeral do consumo, que afecta especialmente aos fogares máis novos e urbanos, men-

Táboa 2. Principais ratios económico-financeiras medias das industrias lácteas con actividade en Galicia (2019-2024). (Valores en porcentaxe, agás o endebedamento e a rotación dos activos, expresados en ratio)

INDICADOR	MEDIA 2024	MEDIA 2019-2024
Rendibilidade económica (resultado de explotación/total activo)	8,01 %	3,75 %
Marxe de beneficio (resultado de explotación/ingresos de explotación)	3,53 %	1,73 %
Rotación dos activos (ingresos de explotación /total activo)	2,27	2,17
Rendibilidade financeira (resultado do exercicio /fondos propios)	13,91 %	6,21 %
Endebedamento (total pasivo/[total pasivo + fondos propios])	0,55	0,57

Fonte: elaboración propia a partir das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recompiladas a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos)

tres que a demanda se mantén máis estable entre a poboación de maior idade e adultos con fillos.

En canto á conservación e formato, o mercado continúa amplamente dominado polo leite UHT (de longa duración), que representa o 96,4 % do volume to-


tal consumido nos fogares españois e o 95,9 % do valor, segundo o Informe de consumo alimentario 2024. Esta categoría mantén unha posición hexemónica, malia rexistrar unha lixeira redución do 0,6 % en volume e do 4,4 % en facturación respecto a 2023.

Pola súa banda, o leite pasteurizado (de curta duración) supón unicamente o 3,6 % do volume total e o 4,1 % do valor, cun descenso do 1,6 % en volume e do 4,2 % en valor no último exercicio. Estes datos confirman a forte concentración do consumo doméstico no leite UHT, favorecida pola súa maior vida útil, estabilidade e comodidade de almacenamento, factores que continúan garantindo a súa predominancia absoluta no mercado español.

Segundo o *Informe de consumo alimentario 2024*, o conxunto de leite e derivados lácteos experimentou unha lixeira redución do 0,3 % en volume e do 0,5 % en valor, nun contexto xeral de crecemento do gasto alimentario total (+2,6 %). Esta evolución negativa contrasta co comportamento do mercado agroalimentario no seu conxunto e reflicte a estabilidade relativa dun segmento xa maduro, cunha demanda en fase de estancamento estrutural.

O consumo medio por persoa situouse en 96,2 kg-litros anuais, un

Gráfica 21. Repartición do consumo doméstico de leite líquido por tipo de conservación (2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Informe de consumo alimentario 2024 (MAPA)

1,6 % inferior ao rexistrado en 2023, mentres que o gasto per cápita alcanzou os 216,48 euros anuais, o que supón unha redución do 1,8 % respecto ao exercicio anterior.

A caída moderada do volume e a estabilidade dos prezos medios (-0,2 %)



NUTRIVET TOTAL

Pienso dietético complementario para la estabilización del equilibrio hídrico y electrolítico para apoyar la digestión fisiológica en terneros, corderos y cabritos



UTILIZACIÓN:
En caso de riesgo de trastornos digestivos (diarrea), durante los mismos y durante la recuperación.



93 886 0100

www.divasa-farmavic.com

O CONSUMO MEDIO POR PERSOA SITUOUSE EN 96,2 KG-LITROS ANUAIS, UN 1,6 % INFERIOR AO REXISTRADO EN 2023, MENTRES QUE O GASTO PER CÁPITA ALCANZOU OS 216,48 EUROS ANUAIS, O QUE SUPÓN UNHA REDUCIÓN DO 1,8 % RESPECTO AO EXERCICIO ANTERIOR

Táboa 3. Consumo doméstico de leite e derivados lácteos en España (2024)

INDICADOR	2024	VARIACIÓN 2024/2023
Volume total (millóns kg-L)	4.511	-0,3 %
Valor total (millóns €)	10.151	-0,5 %
Prezo medio (€/L)	2,17	-0,2 %
Consumo per cápita (kg-L/persoa)	96,2	-1,6 %
Gasto per cápita (€)	216,48	-1,8 %

Valores en millóns, agás o consumo e gasto per cápita
Fonte: elaboración propia a partir do Informe de consumo alimentario 2024 (MAPA)

Táboa 4. Consumo doméstico de derivados lácteos en España (2024)

INDICADOR	2024	VARIACIÓN 2024/2023
Volume total (millóns kg-L)	1.518	+1,6 %
Valor total (millóns €)	7.104	+1,2 %
Prezo medio (€/L)	4,68	-0,4 %
Consumo per cápita (kg-L/persoa)	32,39	+0,3 %
Gasto per cápita (€)	151,51	-0,1 %

Valores en millóns, agás o consumo e gasto per cápita
Fonte: elaboración propia a partir do Informe de consumo alimentario 2024 (MAPA)

Táboa 5. Distribución do consumo doméstico de derivados lácteos por categoría (2024)

CATEGORÍA	PESO EN VOLUME (%)	PESO EN VALOR (%)	VARIACIÓN VOLUME	VARIACIÓN VALOR
- **Aditivos:** minerales, *buffers* y otros aditivos deben vehiculizarse en el carro.

Otro elemento fundamental de la PMR es el pienso del robot, un complemento estratégico. El pienso ofrecido en el robot no solo complementa la PMR, sino que actúa como un atractivo para que las vacas visiten el robot y se ordeñen voluntariamente. Como “normas” (recomendaciones):

- **Granulado:** se recomienda un granulado de 3,5 mm.
- **Palatabilidad:** se deben favorecer materias primas altamente palatables, como DDGS, cebada, trigo o melaza. Por el contrario, se deben evitar las menos palatables,

como grasas, *buffers* o ciertos minerales, en la formulación del pienso del robot.

- **Diseño nutricional:** el pienso debe diseñarse en función del contenido de almidón y proteína de la ración del carro.
- **Durabilidad:** es esencial que tenga alta durabilidad para evitar la formación de finos, que pueden reducir la ingesta y el atractivo.
- **Aromatizantes/saborizantes:** el uso de aditivos como los cítricos puede ayudar a normalizar el sabor entre diferentes lotes de pienso, lo que mantiene el interés de la vaca.


2. NUTRICIÓN DE PRECISIÓN: LA BASE DE LA EFICIENCIA

Como segundo punto, hablaremos de la **nutrición de precisión**, enfoque avanzado que implica la gestión de la alimentación basándose en los requerimientos específicos de cada animal, considerando factores como los días en leche (DEL), el número de lactación y el nivel productivo individual y apoyándose en la monitorización

VeteCorH

Gonadotropina coriónica humana (hCG)

Optimiza la
ovulación y fortalece
el efecto luteotrófico



Puedes consultar
la ficha técnica del
producto aquí

calier.com/ganadería

 @calier_es

LA NUTRICIÓN DE PRECISIÓN NOS PERMITE ADAPTAR LA ALIMENTACIÓN A LAS DEMANDAS INDIVIDUALES DE CADA ANIMAL, FAVORECIENDO PICOS DE PRODUCCIÓN MÁS ALTOS Y CURVAS DE LACTACIÓN MÁS PERSISTENTES



de la rumia, la ingesta y la salud u otros KPI, prestando especial atención a los niveles de grasa y proteína en la leche, cada vez más importantes y mejor valorados en el futuro de la leche.

Para pasar de decisiones basadas en “sensaciones” a acciones precisas, es fundamental disponer de datos fiables:

- **Definir la producción:** mediante el diseño de tablas de alimentación específicas. Las tablas de alimentación permiten asignar la cantidad de pienso en el robot según los DEL o el nivel productivo de cada vaca, y se pueden diferenciar entre primíparas y multíparas.
- **Evaluar la salud:** monitorizando minutos de rumia, incidencia de cetosis o acidosis.
- **Evaluar lotes:** segmentando y analizando el rendimiento y la salud de primíparas, adultas o vacas en posparto.

La **nutrición de precisión nos permite** adaptar la alimentación a las demandas individuales de cada animal, favoreciendo picos de producción más altos y curvas de lactación más persistentes. La alimentación específica por grupos posibilita dietas particulares para vacas en pos-

parto, aquellas que necesitan colina o las de alta producción o limitar la alimentación a vacas con menor producción o peor conversión, colas o lotes presecado; todo esto enfocado a un control individual del ISCA (ingresos sobre costo de alimentación) y de la eficiencia de la explotación.

Como “inconvenientes”, la nutrición de precisión conlleva un diseño más complejo y específico y una monitorización más exhaustiva de cada animal y cada lote, tanto por el ganadero como por el nutricionista u otros consultores. Lo pongo entre comillas, porque, para mí, no es un inconveniente, sino una nueva oportunidad de desarrollo de la explotación a otro nivel de gestión y eficiencia.

3. EL ORDEÑO VOLUNTARIO

El **ordeño voluntario** es un concepto que permite a las vacas decidir cuándo comer, descansar, beber y ordeñarse, siguiendo su ritmo natural. Esto optimiza aspectos fundamentales para su bienestar y producción. Da igual el sistema; libre o guiado, la vaca decide cuándo ordeñarse y comer y descansar, y eso está muy relacionado con lo que hagamos con el manejo y la alimentación.

Existen varios factores que intervienen en el ordeño voluntario como:

- **Configuración de accesos:** que determinan el flujo de las vacas hacia el robot, pasos por puerta o acceso a salas de espera.
- **Densidad energética de la dieta:** la concentración de energía en el alimento.
- **Salud del animal:** el estado general de bienestar de la vaca, como cojeras, acidosis u otro aspecto que dificulte el acceso normal al robot.
- **Digestibilidad de los forrajes:** la facilidad con la que los forrajes son digeridos.

Maximizar el ordeño voluntario, dentro de unos términos concretos como leche mínima en la ubre, permite que las vacas elijan, tanto para comer u ordeñarse, optimizando su descanso y su salud ruminal (con más rumia); aumenta la frecuencia de consumo en el comedero (cornadiza) y, en última instancia, incrementa la producción. Además, se reduce la presión y carga en la ubre, lo que favorece la expresión natural de la vaca en más del 10 %.

Configuración de accesos para el ordeño voluntario

- **Objetivos:** permitir que la vaca elija cuándo ser ordeñada, ofrecer flexibilidad en la frecuencia de

ordeño según su nivel productivo y etapa de lactación, reducir el estrés (y el estado inflamatorio, así como la carga de la ubre) y aumentar la producción.

- **Estrategia:** establecer una cantidad mínima de leche en la ubre para permitir el ordeño, dependiendo del nivel productivo. Esto ayuda a reducir fallos por ubres flácidas o desposicionamiento de los pezones. La configuración debe ser específica para cada granja, lote, estatus de lactación o animal individual basada en una leche esperada y con ordeños máximos y mínimos por día. Es esencial promover el ordeño mediante el diseño de la PMR y la apetecibilidad del pienso del robot.

Salud y su impacto en el ordeño voluntario

Las vacas enfermas tienden a disminuir su frecuencia de ordeño voluntario. Problemas de salud como cojeras, cetosis, acidosis, mastitis e hipocalcemia subclínica impactan directamente en este comportamiento.

La gestión adecuada es clave:

- **Manejo del secado:** controlando la leche del último ordeño.
- **Alojamiento:** proporcionando un entorno confortable.
- **Ubre al momento del parto:** gestionando enfermedades concomitantes.
- **Transición:** mediante un manejo adecuado de las raciones de vacas secas.
- **Ingesta:** asegurando un consumo adecuado de alimento.

La digestibilidad de los forrajes, la llave del ordeño voluntario

La digestibilidad se define como la velocidad de digestión (kd) y la velocidad de paso (kp) de un alimento a través del aparato digestivo.

A mayor digestibilidad se obtienen:

- mejores rendimientos productivos,
- mayor ingesta o consumo voluntario,
- mayor eficiencia alimentaria.

La digestibilidad depende de factores como el estado vegetativo de la planta, el nivel de procesamiento del forraje, su composición química y el contenido de fibra (lignina y sus interacciones). La **digestibilidad de un forraje afecta directamente al ordeño voluntario**. La cantidad total de uFND (fibra detergente neutra indigerible) que permanece en el rumen es un factor limitante para el llenado ruminal, ya que **cada unidad de uFND disminuye 0,27 kg de ingesta de materia seca y 0,59 kg de leche corregida**. Esto significa que vacas más llenas se traducen en menos ordeños y más retrasos. Es fundamental buscar el tránsito y la estratificación correcta en el rumen con la PMR para optimizar el ordeño y que las vacas vayan al robot.

Aunque la uFND marca un límite de llenado mínimo (>0,30), en situaciones de forrajes de alta digestibilidad o combinaciones con subproductos, a veces es necesario incluir un forraje menos digestible (como paja) para preservar esa uFND y la pEFND, manteniendo así la salud ruminal, el pH y, en consecuencia, los ordeños. Es crucial mantener y monitorizar la ingesta del carro, ya que, si la vaca mantiene el ritmo de ordeños, se asegura la ingesta del pienso del robot según la tabla.

Controlar las sobras es esencial para asegurar la ingesta de fibra y la relación forraje/concentrado.

Densidad energética, el equilibrio necesario

Una **densidad energética excesiva afecta negativamente el ordeño voluntario**. Es vital controlar el nivel de almidón y azúcar en el carro para asegurar un buen número de ordeños. La recomendación es mantener el almidón + azúcar por debajo del 25 %. La relación con la fibra efectiva y la digestibilidad del almidón es muy importante, ya que dietas con poco fibra efectiva y niveles elevados de carbohidratos fermentables pueden ocasionar cuadros de acidosis, recordando que las vacas ya comen parte del concentrado en el robot.

CONCLUSIÓN: HACIA UNA GESTIÓN INTEGRAL

La alimentación en sistemas de ordeño robotizado es una ciencia que entrelaza la genética, la salud, el manejo y, fundamentalmente, una **nutrición de precisión**. El diseño meticuloso de la PMR, la formulación estratégica del pienso del robot y una monitorización constante de la salud y el comportamiento individual son la clave.

Las configuraciones de acceso basadas en el rendimiento y el estatus (parto y días en leche), junto con el diseño de la PMR (fibra, almidones y proteína), y la palatabilidad del concentrado son aspectos cruciales.

La **nutrición de precisión** no solo busca la eficiencia en la granja, sino que también promueve el **ordeño voluntario**, otorgando libertad a las vacas para potenciar su rendimiento natural. La salud y locomoción de los animales son inseparables de este objetivo, y la **digestibilidad de los forrajes** emerge como la "llave" maestra del ordeño voluntario.

Finalmente, la **gestión de datos** es la luz que ilumina las dinámicas de la granja, permitiendo una toma de decisiones informada y proactiva para un éxito sostenible.





María Jesús Asorey Cea e Noa García Rey
AUSUM Asesores y Abogados

O marco laboral no sector agrario e gandeiro: Da norma á práctica

CUMPRIR A NORMATIVA LABORAL NO AGRO GALEGO: UNHA OBRIGA E UNHA PROTECCIÓN

Os pequenos agricultores e gandeiros de Galicia enfróntanse a retos diarios na xestión das súas explotacións e un dos máis importantes —e ás veces esquecidos— é cumprir coa normativa laboral vixente. Respetar as leis laborais non só evita sancións, senón que tamén protexe os traballadores e o propio empresario.

Vexamos por que é crucial ter todo en regra e cales son as consecuencias de non facelo, así como diversas obrigas e aspectos prácticos no día a día laboral agrario.

ALTA E CONTRATACIÓN LEGAL DE PERSOAL AGRARIO

Ter os traballadores dados de alta na Seguridade Social e cun contrato legal é imprescindible desde o primeiro día de traballo.

Isto significa formalizar por escrito a relación laboral e comunicarlle a alta á Tesourería Xeral da Seguridade Social antes de que comecen a traballar. Cumprir este trámite garante que o empregado teña cobertura sanitaria, protección por accidente laboral e cotizacións para o paro e a pensión, ao tempo que o empregador actúa dentro da legalidade. Ademais, tras a reforma laboral de 2021-2022, é importante asegurarse



**CAIXA RURAL
GALEGA**



Ruralvía

Comprometidos contigo!

A carón dos galegos hai unha Caixa enraizada nas súas orixes, sen máis miras que loitar pola terra que a viu nacer. A aposta polas cousas ben feitas, a serena tenacidade, a constancia e un férreo compromiso coa nosa terra foron os principios que a acompañaron ata aquí.

A aposta continúa e o compromiso agranda. Hoxe máis que nunca Caixa Rural Galega está comprometida cos galegos e galegas, con Galicia, e por riba de todo, está comprometida contigo, porque cada un dos nosos socios e clientes forma parte deste proxecto.

Únete a Caixa Rural Galega.



caixaruralgalega.gal



rvia
pay

› Síguenos!



de empregar a modalidade contractual adecuada (por exemplo, contrato indefinido fixo-discontinuo para campañas estacionais en lugar de encadear temporais sucesivos).

Que pasa se se ten un traballador sen asegurar?

Non dar de alta un empregado considérase unha infracción grave segundo a Lei de infraccións e sancións da orde social (LISOS), que pode chegar a sancionarse con multas de entre 3.750 e 12.000 euros por cada traballador. Ademais, non cotizar por el constitúe unha infracción moi grave: a multa pode oscilar entre o 100 % e o 150 % do importe das cotas non ingresadas, máis recargos e intereses de demora.

É importante resaltar que cada empregado non regularizado conta como infracción independente, polo que ter varios en situación irregular multiplica as sancións.

Doutra banda, se a persoa contratada carece de permiso de traballo (caso de traballadores estranxeiros en situación irregular), incorrése nunha falta moi grave segundo a Lei de estranxeiría, sancionable con multa de 10.001 a 100.000 euros, é dicir, contratar inmigrantes sen papeis pode saír carísimo e mesmo levar aparelladas consecuencias penais en casos de explotación laboral severa. Ademais, aínda que o empregado sexa irregular, pode reclamar os seus dereitos laborais ou denunciar ante Inspección de Traballo, pois a ausencia de permiso non invalida os seus dereitos básicos.

CONSECUENCIAS LEGAIS E ECONÓMICAS DE NON CUMPRIR

As sancións económicas son a consecuencia máis inmediata de vulnerar a lexislación laboral. Existen distintos tipos de multas segundo as infraccións: por exemplo, non ter contrato por escrito cando é esixido ou non respectar os límites de xornada. Horas extras ou descansos considéranse infracción grave, multándose nun rango de entre 751 € e 7.500 €. Igualmente, pagar por debaixo do salario mínimo interprofesional (SMI) é ilegal e leva multa de 751 a 7.500 €, e, ademais, obriga a pagarlle ao traba-

AÍNDA QUE O EMPREGADO SEXA IRREGULAR, PODE RECLAMAR OS SEUS DEREITOS LABORAIS OU DENUNCIAR ANTE INSPECCIÓN DE TRABALLO, POIS A AUSENCIA DE PERMISO NON INVALIDA OS SEUS DEREITOS BÁSICOS

llador as diferenzas salariais máis un 10% de interese de demora. Tamén as deficiencias en seguridade e saúde laboral poden saír moi caras: non dispoñer dun plan de prevención de riscos laborais é sancionable e, en casos moi graves (por exemplo, tras un accidente grave), as multas poden acadar case 1 millón de euros e mesmo implicar penas de cárcere para o responsable.

A responsabilidade en caso de accidente laboral agrávase cando o traballador non estaba de alta. Se hai un sinistro, a Seguridade Social pode impor un recargo nas prestacións que debe asumir o empregador (do 30 % ao 50 % do custo das pensións por faltar medidas de seguridade. E se o traballador nin sequera estaba afiliado, o empresario deberá cubrir todos os gastos médicos e prestacións, ademais da sanción por telo sin asegurar. De feito, a falta de medidas preventivas ou de cobertura pode dar lugar a responsabilidades penais no caso de accidentes graves ou negligencia manifesta.

OBRIGAS LABORAIS ACTUAIS NO SECTOR AGRARIO

A lexislación laboral española establece unha serie de obrigas que todas as explotacións agrarias con persoal contratado deben observar. As máis relevantes son as seguintes:

Rexistro da xornada laboral: desde o 12 de maio de 2019 é obrigatorio levar un rexistro diario da xornada de cada traballador, indicando a hora de inicio e de finalización. Esta medida aplícase en todos os sectores, tamén no agrario, tanto para persoal a tempo completo coma parcial ou eventual. Na práctica, implica que os empregados deben "fichar" a entrada

e a saída do traballo, xa sexa en soporte escrito ou dixital, e conservar eses rexistros durante catro anos. O incumprimento pode supoñer sancións de ata 7.500 euros, e, en caso de inspección, a ausencia de rexistros pode facer presumir que o traballador realizou unha xornada completa aínda que fose a tempo parcial.

Cara a un novo rexistro dixital da xornada: o Ministerio de Traballo prepara un novo sistema de rexistro dixital da xornada laboral, que será obrigatorio para todas as empresas. O seu obxectivo é garantir un control máis fiable e verificable das horas de traballo. Todo indica que este rexistro que substituirá o sistema en papel e deberá reflectir con precisión o inicio e o final da xornada, as pausas, se o traballo é presencial ou remoto, e diferenciar as horas ordinarias das extraordinarias, indicando se se compensan ou se pagan. A Inspección de Traballo poderá acceder en remoto aos rexistros e cada empregado deberá poder consultar e recibir copia do seu horario. Prevese que entre en vigor entre finais de 2025 e comezos de 2026. Polo de agora, segue vixente o sistema de 2019, que admite rexistros manuais.

En resumo, trátase dunha reforma en fase de tramitación, aínda non obrigatoria e que non se sabe en que termos será regulada.

Xornada máxima, descansos e horas extraordinarias: a xornada ordinaria máxima é, con carácter xeral, de 40 horas semanais de media. O Estatuto dos Traballadores fixa tamén un máximo de 9 horas diarias, salvo acordo diferente. Debe respectarse un descanso mínimo de 12 horas entre xornadas e día e medio semanal (habitualmente, sábado pola tarde e domingo completo).

NO SECTOR AGRARIO, ONDE EXISTEN PICOS DE TRABALLO NAS COLLEITAS, PÓDESE DISTRIBUÍR A XORNADA DE FORMA IRREGULAR AO LONGO DO ANO, SEMPRE QUE SE RESPECTEN OS LÍMITES ANUAIS E OS DESCANSOS MÍNIMOS

No sector agrario, onde existen picos de traballo nas colleitas, pódese distribuír a xornada de forma irregular ao longo do ano, sempre que se respecten os límites anuais e os descansos mínimos.

As horas extraordinarias están limitadas a 80 ao ano, agás as compensadas con descanso equivalente. Deben retribuírse ou compensarse cun tempo de descanso equivalente dentro dos catro meses seguintes. Son voluntarias, agás por causa de forza maior, e están prohibidas en contratos a tempo parcial ou para menores de idade.

Particularidades do agro: o sector agrario conta con normas específicas que permiten adaptar a xornada ás necesidades estacionais.

O Real Decreto sobre xornadas especiais permite:

- **Ampliación temporal da xornada ata 20 horas semanais adicionais** (cun máximo de 12 diarias) cando a actividade o requira, compensando ou pagando o exceso como horas extraordinarias, tamén prevé descansos flexibles, reducindo o descanso entre xornadas a 10 horas e acumulando o medio día semanal ata un máximo de catro semanas.

- **A xornada no agro é flexible**, pero require control e documentación para garantir que todo se desenvolve dentro da legalidade.
- **Considérase nocturno o traballo realizado entre as 22:00 e as 6:00 horas.** Aínda que non é habitual nas explotacións, pode producirse en certas campañas (rega, coidado de animais, partos nocturnos...). A súa duración máxima media é de 8 horas diarias e debe compensarse cun plus de nocturnidade, habitualmente dun 25 % sobre o salario hora, en recoñecemento da penosidade.
- **Salario mínimo:** todo traballador ten dereito a percibir, como mínimo, o salario mínimo interprofesional (SMI) vixente, fixado para 2025 en 1.184 euros mensuais en 14 pagas. Ningún acordo privado pode situarse por debaixo dese límite. Se parte do salario se aboa en especie (aloxamento, manutención...), debe garantirse o cobro íntegro do SMI en diñeiro, e o valor das retribucións en

Apoya el equilibrio del
sistema inmunitario

Favorece un **arranque
rápido y estable** tras
el destete

Desarrollo del
sistema **digestivo**

Estimula el
consumo temprano
de pienso sólido

Contribuye a una
**recría más homogénea
y rentable**

*¿Cuál es el secreto de
una buena recría?*
Un gran comienzo

STARFEED

RECRÍAS FUERTES
DESDE EL INICIO



Apoya una recría eficiente y saludable,
reduciendo contratiempos digestivos.

NUTEGA
CCPA GROUP

comunicacion@nutega.com
www.nutega.com

CONTRATAR PERSOAL ESTRANXEIRO É PERFECTAMENTE VIABLE E BENEFICIOSO PARA O AGRO GALEGO, SEMPRE QUE SE FAGA DENTRO DA LEGALIDADE E COAS GARANTÍAS ADECUADAS

especie non pode superar o 30 % do salario total. Toda compensación —dietas, pluses ou beneficios— debe aparecer na nómina.

- **Prevención de riscos laborais (PRL):** calquera explotación con empregados, mesmo cun só, debe cumprir a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais. Isto implica avaliar os perigos, planificar medidas preventivas, formar o persoal e facilitar equipos de protección individual (EPI). Nas pequenas explotacións, o propio empresario pode asumir a prevención se dispón de formación acreditada (na práctica é moi complicado), pero é recomendable contar cun servizo alleo. Os accidentes laborais no agro teñen unha alta sinistralidade, polo que a prevención é clave. As sancións por incumprimento poden oscilar entre 2.451 e 983.736 euros, segundo a gravidade. Se existe negligencia grave e se produce un accidente, o empresario pode ser obrigado a indemnizar ou mesmo responder penalmente. Non se pode ver a prevención coma un gasto senón como garantía de seguridade e continuidade.
- **Regularizar traballadores en situación irregular:** moitas explotacións familiares poden atoparse con que durante anos empregaron a axuda dun veciño ou dun familiar “a cambio dun diñeiro” sen formalidades, ou ben herdaron unha

situación onde hai un empregado de confianza sen contrato. Canto antes, hai que formalizar un contrato e dar de alta ese traballador. Regularizar non implica recoñecer ilegalidades pasadas de forma automática.

CONTRATACIÓN LEGAL DE PERSOAL ESTRANXEIRO

No campo galego é habitual recorrer á man de obra estranxeira, especialmente en determinadas campañas agrícolas ou para tarefas específicas. Contratar persoas de fóra de España é totalmente legal, pero require seguir os procedementos adecuados segundo a situación de cada traballador.

Cidadáns da Unión Europea: os nacionais doutros países da Unión Europea non precisan permiso de traballo. Gozan do dereito de libre circulación e, polo tanto, a súa contratación segue as mesmas regras e obrigas que a de calquera traballador español.

Estranxeiros non comunitarios con residencia en España: moitos traballadores extracomunitarios xa dispoñen dunha autorización de residencia e traballo en vigor, como titulares dunha tarxeta de identidade de estranxeiro (TIE), solicitantes de asilo con permiso laboral ou persoas con residencia de longa duración. Nestes casos, o empregador debe solicitar sempre unha copia da documentación e verificar que o permiso para traballar estea vixente. Se é así, a contratación faise igual ca cun cidadán español. É recomendable comprobar as datas de caducidade para evitar irregularidades posteriores.

É responsabilidade do empresario comprobar a identidade e a situación administrativa do traballador antes de dar de alta na Seguridade Social. Empregar a alguén sen papeis ou con documentación doutro pode supoñer sancións de ata 100.000 euros por suplantación de identidade, polo que se require o máximo rigor neste punto.

Contratación directa desde o estranxeiro (en orixe): cando se necesita persoal temporal para unha campaña e non hai dispoñibilidade local suficiente, pódese recorrer á contratación en orixe, a través dos programas colectivos que xestiona o Ministerio de Inclusión e Migracións.

Cada ano establécense cupos e condicións específicas para contratar traballadores de determinados países con convenio bilateral.

A contratación en orixe require acreditar que existe unha oferta de emprego real e cumprir varias obrigas: (i) facilitar un aloxamento digno, en boas condicións hixiénicas e de seguridade (ii); asumir os custos de viaxe de ida e volta; (iii) contratar un seguro médico para o traballador durante o desprazamento e os primeiros días da estadia (iv); garantir o retorno ao país de orixe ao rematar o contrato, mediante un compromiso de retorno asinado.

A solicitude debe presentarse con antelación suficiente, varios meses antes do inicio da campaña, para que a Administración poida tramitar a autorización e o traballador obteña o visado no consulado correspondente.

En definitiva, contratar persoal estranxeiro é perfectamente viable e beneficioso para o agro galego, sempre que se faga dentro da legalidade e coas garantías adecuadas. As obrigas son as mesmas que con calquera outro traballador: contratos formais, nóminas, cotizacións e prevención de riscos; iso si, convén facilitar a integración: se non dominan o idioma, é boa práctica ofrecerlles información e instrucións claras, adaptadas á súa comprensión, para garantir un traballo seguro.

ALOXAMENTO EN PROPIEDAD DA EXPLOTACIÓN

Ofrecerlle vivenda ao persoal é unha práctica frecuente nas explotacións agrarias, especialmente cando a granxa está illada ou cando se contrata man de obra doutras zonas ou países. Trátase dunha medida legal e, nalgúns casos, obrigatoria: por exemplo, no caso dos traballadores estranxeiros contratados en orixe, o empresario debe proporcionar un aloxamento adecuado durante o tempo que dure o contrato.

Ese aloxamento, con todo, debe cumprir condicións mínimas de habitabilidade e hixiene, contar con acceso a auga potable, servizos e un espazo para cociñar e descansar, e estar libre de masificacións ou condicións insalubres.

CANDO O TRABALLADOR É ENVIADO A REALIZAR TAREFAS FÓRA DO SEU CENTRO HABITUAL —POR EXEMPLO, A MERCAR MATERIAL NOUTRA VILA, ASISTIR A UNHA FEIRA GANDEIRA OU TRABALLAR NUNHA FINCA AFASTADA—, A EMPRESA DEBE FACERSE CARGO DOS GASTOS

A Inspección de Traballo pode comprobar as instalacións, polo que resulta esencial garantir un nivel digno de confort e seguridade.

Cando o traballador reside na vivenda da explotación, compre prever que, ao finalizar o contrato, esta debe quedar libre. É recomendable que o propio contrato laboral especifique que o uso da vivenda está vinculado á relación de traballo e que o empregado deberá abandonala nun prazo razoable.

Tamén é frecuente no rural empregar a figura do alugamento en precario, que consiste nunha cesión gratuita de uso dunha vivenda sen contrato formal nin renda mensual. Trátase dunha posesión tolerada polo propietario, que pode rematala cando o considere necesario, sempre dentro dun prazo razoable e con comunicación previa. Aínda que é unha fórmula flexible e habitual en ámbitos agrarios, é moi recomendable asinar un documento simple no que se recollan as condicións básicas de uso, a gratuidade e a posibilidade de revogación, para evitar conflitos ou malentendidos.

GASTOS DE DESPRAZAMENTO

Un aspecto práctico que adoita xerar dúbidas nas explotacións agrarias é o relativo aos gastos de desprazamento: quen debe pagalos e en que circunstancias? Cómpre distinguir ben entre o traslado diario ao posto de traballo e os desprazamentos realizados por razóns laborais.

Desprazamento diario desde o domicilio ao lugar de traballo: en xeral,

este gasto corre a cargo do traballador. A lei non obriga a empresa a pagar o combustible nin o tempo empregado en desprazarse desde a casa ata a granxa, xa que ese tempo non se considera parte da xornada laboral. Se non existe convenio colectivo ou acordo que dispoña o contrario, o empresario non ten obriga de aboar quilometraxe polo simple feito de que o empregado se desprace cada día ao seu posto.

Ademais, a Axencia Tributaria e a TGSS non considera exento de impostos nin de cotización ningún pago por este tipo de desprazamento: se se aboa algunha cantidade, tributa e cotiza como retribución ordinaria.

Desprazamentos por motivo de traballo fóra do centro habitual: aquí a situación muda completamente. Cando o traballador é enviado a realizar tarefas fóra do seu centro habitual —por exemplo, a mercar material noutra vila, asistir a unha feira gandeira ou traballar nunha finca afastada—, a empresa debe facerse cargo dos gastos.

BUENAS NOTICIAS!



Syvazul® BTV 3 está agora autorizado en bovino y ovino en dosis de 2 ml con un aumento en la concentración de antígeno en la vacuna.



2 inyecciones I.M. de 2 ml
con 3 semanas de diferencia



1 inyección S.C. de 2 ml

Syvazul® BTV 3

Leading the way in Bluetongue vaccination



INDICACIONES: Ovino: Para la inmunización activa de ovino para reducir la viremia, la mortalidad, los signos clínicos y las lesiones causadas por el serotipo 3 del virus de la lengua azul. Establecimiento de la inmunidad: 4 semanas después de completar la pauta de primovacunación. La duración de la inmunidad no se ha establecido. **Bovino:** Para la inmunización activa de bovino para reducir la viremia causada por el serotipo 3 del virus de la lengua azul. Establecimiento de la inmunidad: 3 semanas después de completar la pauta de primovacunación. La duración de la inmunidad no se ha establecido. **POSOLÓGIA PARA CADA ESPECIE, MODO Y VÍAS DE ADMINISTRACIÓN:** Agitar bien antes de usar. **Ovino:** Vía subcutánea. Administrar por vía subcutánea a ovino a partir de los 3 meses de edad, de acuerdo con el siguiente esquema: Primovacunación: administrar una dosis única de 2 ml. Revacunación: No establecida. **Bovino:** Vía intramuscular. Administrar por vía intramuscular a ganado bovino a partir de los 2 meses de edad en animales sin tratamiento previo o a partir de los 3 meses de edad en terneros nacidos de madres inmunizadas, de acuerdo con el siguiente esquema: Primovacunación: administrar dos dosis de 2 ml separadas por un intervalo de 3 semanas. Revacunación: No establecida. Uso veterinario. Medicamento sujeto a prescripción veterinaria. En caso de duda, consulte a su veterinario.

Syvazul® BTV 3 contiene la cepa NT2023 inactivada, que proviene directamente de un aislamiento del brote de 2023 en los Países Bajos. Autorización de comercialización EU/2/24/332/001-002 en virtud del Artículo 25 del Reglamento (UE) 2019/6.



laboratorios syva s.a.

Sede Central: Parque Tecnológico de León
Calle Nicestrato Vela M 20 • 24009 León - España
Tel.: 987 800 800 • e-mail: mail@syva.es • www.syva.es

f syvacontigo
@syvacontigo
laboratorios-syva

i
Información
del producto



08-2025-PUB-SAZ-A-25-BOV-OV-00370-ES



Isto pode facerse de dúas formas: proporcionando directamente os medios (vehículo da empresa, pagamento de hotel e comida, compra de billetes de transporte etc.) ou solicitando que o empregado adiante os gastos e reembolsándollos posteriormente.

ADIANOS, HORAS EXTRA, NOCTURNIDADE E COMPLEMENTOS SALARIAIS

No día a día das explotacións agrarias xorden cuestións prácticas: pódense adiantar cartos do salario a un empregado? Como se pagan as horas extra? Que pasa se se traballa en domingo ou festivo?

Adiantos de salario: os traballadores teñen dereito a solicitar anticipos a conta do salario correspondente aos días xa traballados. O Estatuto dos Traballadores establece que, a petición do empregado, a empresa debe concederlle un adianto proporcional á parte do soldo devengado e aínda non cobrado. Ademais destes anticipos obrigatorios, tamén se poden pactar adiantos voluntarios sobre salarios futuros, aínda que, nese caso, teñen a consideración de préstamo e non de dereito laboral. En todo caso, debe documentarse por escrito calquera adianto concedido.

Horas extraordinarias: as horas extra deben retribuírse ou compensarse con descanso equivalente. O máis recomendable é pactar por escrito, cando se prevea un exceso de horas nunha tempada concreta, como se compensarán esas horas. Se non se concede descanso, débense pagar na nómina correspondente e reflectirse claramente baixo o seu concepto específico.

Traballo en domingos e festivos: cando un empregado traballa en domingo, ten dereito a un descanso compensatorio noutro día ou a unha remuneración adicional, se supera a xornada semanal establecida. O descanso semanal obrigatorio pode trasladarse, pero non suprimirse.

No caso de traballar un festivo (dos 14 anuais recoñecidos), o valor da hora traballada increméntase nun 75 %, salvo que se compense con descanso equivalente.

Plus de nocturnidade: o traballo realizado entre as 22:00 e as 6:00 horas considérase nocturno e adoita levar aparellado un complemento salarial específico, que recoñece a penosidade e incomodidade dese horario.

O importe deste plus pode estar regulado ou pactarse individualmente, pero debe constar sempre na nómina.

Complementos salariais e dietas: no sector agrario poden aplicarse complementos por produtividade, penosidade, perigosidade ou antigüidade, entre outros. Estes conceptos poden estar regulados ou pactarse libremente entre empresa e traballador. O importante é que todas as percepcións salariais figuren reflectidas na nómina co seu concepto claro: salario base, horas extra, plus de produtividade, dietas, quilometraxe etc. Os complementos salariais que retribúen condicións do posto ou rendemento cotizan á Seguridade Social e forman parte da base de cálculo das indemnizacións, mentres que as dietas e gastos debidamente xustificadas non teñen carácter salarial.

PROCEDEMENTO PARA DESPEDIR A UN TRABALLADOR (OBXECTIVO OU DISCIPLINARIO)

A realidade empresarial pode levar, nalgúns momentos, a ter que prescindir dun empregado. Porén, despedir non é tan sinxelo como “mandalo para casa”: é necesario seguir un procedemento formal estrito para que o despedimento sexa válido. No sector agrario, onde moitas relacións laborais son de confianza e de trato directo, ás veces custa asumir que un despedimento tamén require papelame e precisión legal, pero é fundamental facelo correctamente para evitar conflitos ou reclamacións posteriores.

Podemos distinguir dúas causas principais de extinción: o despedimento por causas obxectivas e o despedimento disciplinario.

Despedimento por causas obxectivas: prodúcese cando existen motivos económicos, organizativos, técnicos ou de produción, ou ben causas individuais (como ineptitude sobrevida ou falta de adaptación a cambios técnicos).

Para que sexa válido, cómpre comunicalo por escrito mediante carta de despedimento, explicando de forma clara a causa e a data de efectos. Debe avisarse con 15 días de antelación, ou, se non é posible, aboarse ese período como indemnización adicional.

Ademais, o empresario debe poñer a disposición do traballador, no momento da entrega da carta, a indemnización correspondente a 20 días de salario por ano traballado, cun máximo de 12 mensualidades.

O incumprimento destes requisitos formais —falta de carta detallada, preaviso ou indemnización— pode facer que o despedimento sexa declarado improcedente, o que obriga o empresario a elixir entre readmitir o traballador ou indemnizalo con 33 días por ano traballado, cun máximo de 24 mensualidades.

O traballador dispón de 20 días hábiles para impugnar o despedimento, e determinados colectivos —como mulleres embarazadas, persoas en baixa médica ou representantes de persoal— gozan dunha protección especial.

Despedimento disciplinario: ocorre cando o traballador comete un

incumprimento grave ou moi grave, como faltas reiteradas, indisciplina, ofensas, roubos ou embriaguez habitual. É a sanción máis severa que pode impoñer a empresa e implica o cesamento inmediato sen dereito a indemnización, aínda que si ao cobro dos días traballados e vacacións pendentes no finiquito.

Tamén debe formalizarse por escrito, detallando os feitos que motivan o despedimento e a súa data de efecto. Se o traballador se nega a asinar a carta, recoméndase enviala por burofax ou contactar con testemuñas da negativa. Neste caso non cómpre preaviso, pero, se o empregado denuncia e o xuíz considera que a falta non foi suficientemente acreditada, o despedimento poderá declararse improcedente, coa conseguinte indemnización ou readmisión.

O finiquito e os casos de nulidade: tras calquera despedimento débese entregar o finiquito, documento que recolle o salario pendente, as partes proporcionais das pagas extras, as vacacións non gozadas e, se procede, a indemnización correspondente. O traballador pode asinalo como "recibín, non conforme" se non está de acordo coas cantidades.

Existen tamén despedimentos nulos, que se producen cando vulneran dereitos fundamentais (por exemplo, despedir por maternidade, baixa médica, por exercer un dereito sindical etc.).

Neses casos, o xuíz ordena a readmisión inmediata, o pagamento dos salarios de tramitación e posibles indemnizacións por danos morais, se fose o caso.

AS COTIZACIÓNS DOS AUTÓNOMOS: CAMBIOS, AVANCES E O QUE VÉN ATA 2026

O campo galego está cheo de persoas que traballan por conta propia: pequenos gandeiros, agricultores, apicultores, viticultores... moitos deles dados de alta como autónomos. Pois ben, desde o ano 2023 o sistema cambiou por completo. Xa non se cotiza libremente elixindo unha base mínima, senón segundo os rendementos netos reais, é dicir, o que realmente se gaña ao final do ano.

Este novo modelo establece diferentes tramos de ingresos. Cada autónomo debe declarar canto prevé ingresar e cotizar en función diso.

A vantaxe é que se pode axustar a base ata seis veces ao ano, para adaptarse a campañas boas ou malas.

Ao rematar o ano, a Seguridade Social revisa os datos xunto coa Axencia Tributaria. Se un autónomo cotizou por debaixo do que lle correspondía, terá que pagar a diferenza; se cotizou de máis, devolveráselle o exceso. É o que se chama regularización anual, e xa se aplicou por primeira vez en 2023 e, en breve, axustarase o 2024.

O sistema actual de tramos está previsto que funcione ata finais de 2025. Nestes momentos o Ministerio de Inclusión e Seguridade Social abriu unha mesa de negociación cos representantes dos autónomos para definir os novos tramos que rexerán no período 2026-2028; tamén se está revisando o cesamento de actividade, o chamado 'paro dos autónomos', para facelo máis accesible, xa que moitas solicitudes están a ser denegadas por excesivos requisitos.

A NOVA XUBILACIÓN ACTIVA: SEGUIR TRABALLANDO E COBRAR A PENSIÓN

Moitos agricultores e gandeiros galegos chegan á idade de xubilación e continúan implicados na súa explotación. A nova normativa de xubilación activa, en vigor desde o 1 de abril de 2025, ofrece unha fórmula máis flexible para compatibilizar a pensión co traballo.

O novo sistema permite cobrar unha parte da pensión mentres se segue en activo, aumentando progresivamente a porcentaxe segundo os anos que se continúe traballando.

Segundo esta escala:

- Despois de 1 ano en xubilación activa → 45 % da pensión
- Despois de 2 anos → 55 % da pensión
- Despois de 3 anos → 65 % da pensión
- Despois de 4 anos → 80 % da pensión
- A partir de 5 anos → 100 % da pensión

Isto significa que, dependendo de cando se acceda á xubilación activa, sería posible compaxinar o emprego co cobro do 100 % da pensión, igual que se estivese completamente retirado.

Durante este tempo, a súa cotización á Seguridade Social está suxeita a unha cota de solidariedade do 9 %, que non xera dereito a melloras nin incrementos futuros na contía da pensión.

Outra das grandes novidades é que agora se permite compatibilizar a xubilación activa cos incentivos por demora. Así, quen atrasou a súa xubilación máis aló da idade ordinaria e tiña dereito a bonificacións (por exemplo, un 4 % adicional por cada ano que atrase a pensión, e pode percibir nun pago único a capitalización de ese complemento de forma total ou parcial) pode acollerse á xubilación activa sen perder esas vantaxes. Ademais, con todas estas políticas premian a quen prolonga a súa vida laboral.

En 2025, a idade ordinaria de xubilación en España sitúase nos **66 anos e 8 meses**, agás que se acrediten 38 anos e 3 meses de cotización; nese caso é posible xubilarse con 65 anos cobrando o 100 % da pensión. A idade seguirá elevándose gradualmente ata os 67 anos en 2027, salvo nas vidas laborais longas.

O período mínimo de cotización esixido é de 15 anos, dos cales polo menos 2 deben estar dentro dos últimos 15 anos inmediatamente anteriores á data de xubilación.

Con este mínimo, a pensión resultante cobra arredor do 50 % da base reguladora.


CONCLUSIÓN

Aínda que a normativa laboral é ampla, e, nalgúns casos, difícil de seguir ao detalle, neste artigo recolléronse os aspectos máis relevantes e prácticos para o día a día das explotacións agrarias e gandeiras.

O obxectivo non é complicar máis a xestión, senón axudar a poñer o foco no que realmente importa: cumprir o esencial para traballar con tranquilidade, protexer o negocio e garantir un futuro estable.

Aplicar estas claves permite manter a actividade dentro da legalidade, evitar riscos innecesarios e, sobre todo, consolidar un modelo de traballo que lle dea seguridade tanto a quen contrata como a quen traballa.

No fondo, trátase de facer as cousas ben para que o esforzo de hoxe teña continuidade mañá.



Víctor Novo Vázquez

Xefe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal
Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia

Caderno electrónico de explotación e obrigas medioambientais

En xaneiro de 2025 publícase o **Real Decreto 34/2025, do 21 de xaneiro, polo que se modifican o Real Decreto 1054/2022, do 27 de decembro, polo que se establece e regula o Sistema de información de explotacións agrícolas e gandeiras e da produción agraria, así como o Rexistro autónomo de explotacións agrícolas e o Caderno dixital de explotación agrícola, así como os Reais Decretos 1311/2012, do 14 de setembro, e 9/2015, do 16 de xaneiro.**

Con esta normativa, a información unificada posibilita o cumprimento do Plan Estratéxico Nacional da Política Agrícola Común (PAC) do Reino de España 2023-2027 e facilita outras obrigacións de información no ámbito ambiental como o cambio climático e a contaminación atmosférica, entre outras, incluíndo o seguimento de indicadores e medidas lexislativas e de fomento incluídas neste, así como o seguimento dos compromisos do Pacto Verde Europeo.

Esta información deberá permitir, igualmente, un mellor deseño das actuacións sectoriais, en especial para conseguir unha produción economicamente rendible, pero, ao tempo, respectuosa co medio ambiente, que contribúa á loita contra o cambio climático e a conservación da biodiversidade.

A protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias vén regulado polo **Real**



CELTIC SEA
MINERALS

We are powered by science.

Excelencia en el rendimiento

Minerales marinos biodisponibles para mejorar la eficiencia ruminal



LAS SOLUCIONES QUE OFRECEMOS SON EL RESULTADO DE MÁS DE 50 ESTUDIOS CIENTÍFICOS ESPECÍFICOS PARA NUESTROS PRODUCTOS.

Acid Buf es 100% natural y único, y ofrece soluciones nutricionales para:

- ✓ Mejorar la producción de leche y su calidad (más grasa)
- ✓ Incrementar la productividad por kg de ingesta de materia seca
- ✓ Reducir los riesgos de acidosis en el rumen
- ✓ Reducir las emisiones de metano




adial
Feed Additives

Para más información, póngase en contacto con Adial Nutrición, S.L., distribuidor oficial en España y Portugal.

Adial Nutrición | Girona (España) | T +34 972 546 155 | E adial@adial.es | www.adial.es

DATAS DE ENTRADA EN VIGOR DO CADERNO DIXITAL DE EXPLOTACIÓN AGRARIA



• **Explotacións Grandes:** > 30 has. (sumando as correspondentes a cultivos permanentes e terras cultivo, excluindo os pastos temporais), ou > 5 has. rega (sobre o total da súa superficie de cultivos permanentes e terras de cultivo) ou 0.1 has. Invern, obrigatorio a partir do próximo período de programación da PAC (2028-2032), é dicir, dixital dende **01.01.2028**

• **Resto:** VOLUNTARIO

CON ESTA NORMATIVA, A INFORMACIÓN UNIFICADA POSIBILITA O CUMPRIMENTO DO PLAN ESTRATÉGICO NACIONAL DA POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC) DO REINO DE ESPAÑA 2023-2027 E FACILITA OUTRAS OBRIGACIÓNS DE INFORMACIÓN NO ÁMBITO AMBIENTAL COMO O CAMBIO CLIMÁTICO E A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA, ENTRE OUTRAS

Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos de orixe agrícola, transposición feita da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991.

A contaminación de orixe difusa das masas de auga superficial e subterránea é un problema moi estendido na maior parte das superficies de uso agrario. En particular, este feito ponse de manifesto polas elevadas concentracións de nitratos que se rexistran en determinadas masas de auga, consecuencia dos excedentes de produtos inorgánicos ou orgánicos usados como fertilizantes, e é

especialmente preocupante cando alcanza a augas que se destinan ou vaian destinarse ao abastecemento da poboación, reguladas pola Directiva 2020/2184, do 16 de decembro, relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano.

A Unión Europea considera a contaminación de orixe difusa como un problema central nas súas políticas ambientais e agrarias. Por iso, con data 20 de maio de 2020 a Comisión Europea publicou a Comunicación da Estratexia «Da granxa á mesa» aliñada coa Estratexia de Biodiversidade para 2030, englobadas no Pacto Verde Europeo, que contri-

búen a afrontar este problema. Estas liñas de acción marcan, entre outros obxectivos, unha redución das perdas de nutrientes do 50 %, que supoñerá, segundo o devandito do documento, unha redución do 20 % no uso de fertilizantes. Ademais, avógase pola redución do uso e do risco de produtos fitosanitarios nun 50 % para 2030, así como unha redución adicional do 50% do uso dos produtos fitosanitarios máis perigosos no mesmo período; na mesma data tamén se publicou a Estratexia sobre biodiversidade 2030.

O informe cuadrienal 2020-2023 está a piques de publicarse.

Este informe, oídas as comunidades autónomas, será comunicado á Comisión Europea a través da canle correspondente, dentro dos seis meses seguintes ao final do período ao que se refira e farase público a través do portal web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD).

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico elaborará cada catro anos un informe de situación sobre a contaminación causada polos nitratos, en especial dos procedentes de fontes agrarias (*Informe cuatrienal 2016-2019*).

O día 21 de maio de 2022 o MITERD publica a Resolución da Dirección Xeral da Auga, polo que se publican os mapas das augas afectadas por contaminación difusa.

Os órganos competentes das comunidades autónomas deberán elaborar un código de boas prácticas agrarias que os agricultores aplicarán obrigatoriamente sobre as zonas vulnerables e poñeranse en práctica programas de actuación, que deberán elaborarse nun prazo de dous anos, co obxecto de previr e reducir a contaminación causada polos nitratos de orixe agraria.

Ademais, coa publicación do **Real Decreto 1050/2022, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios**.

As metas que establezan os Estados membros respecto a estes obxectivos deberán alcanzarse antes de finais do ano 2030, nun prazo próximo ao de final do ano 2027 sinalado como límite para alcanzar os

OS ÓRGANOS COMPETENTES DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DEBERÁN ELABORAR UN CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS QUE OS AGRICULTORES APLICARÁN OBRIGATORIAMENTE SOBRE AS ZONAS VULNERABLES E POÑERÁN EN PRÁCTICA PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

obxectivos ambientais nas masas de auga pola Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

